

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:

Fundamentos Artísticos (FuAr)

### 2 Características da materia

Etapa educativa:

Bacharelato

Curso:

1º  2º

Tipoloxía:

Común  Obrigatoria de modalidade  De opción de modalidade  Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora  2 horas  3 horas  4 horas

Materia de contidos progresivos:

Si  Non

Materia previa necesaria de 1º:

--

Materia ponderable:

Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios  Non

Outras características:

- No IES “Praia Barraña” a materia ofertase dentro do bloque de materias optativas.
- Deberá contar cun **mínimo de 5 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade da materia é a de facilitar que o alumnado coñeza e aprecie a historia do arte, así como que aprenda a ler e identificar as obra artísticas, e ser quen de xerar interpretacións das mesmas.
- Realízase un percorrido polos principais movementos e figuras do mundo do arte e as súas obras, todo elo entorno a tres eixes: por unha banda, a análise de producións artísticas ao longo da historia e a identificación dos seus elementos constituintes e as claves das súas linguaxes.
- Por outra, o coñecemento das metodoloxías, as ferramentas e os procedementos de procura, rexistro, análise, estudo e presentación de información, privilexiando o uso de recursos dixitais.
- Por último, a adquisición dunha conciencia sensible e de respecto cara ao patrimonio artístico e a cultura visual.

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a *ordenación e o currículo do Bacharelato* na Comunidade Autónoma de Galicia ([DOG do 26 de setembro de 2022](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

